



A Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, pon en marcha unha canle propia para as cooperativas galegas na plataforma YouTube, o almacén videográfico máis importante na internet. O carácter marcadamente audiovisual desta nova acción completa a estratexia a prol do cooperativismo galego no eido das redes sociais, que opera en Facebook, Twitter e Tuenti baixo o lema "Anímate a emprender! Cooperativízate!" con máis de 3.000 seguidores diarios e un alcance (número de persoas que ven as publicacións) dúas veces superior.

A canle que lle presentamos, "Cooperativas de Galicia", pretende agrupar e dinamizar a videoteca do cooperativismo galego para facela accesible dende calquera dispositivo, xa sexa ordenador, tableta ou móbil, o que permite o visionado dende calquera punto xeográfico en calquera momento.

O obxectivo principal é converterse na plataforma audiovisual das cooperativas galegas e dos seus produtos e servizos, así como un espazo onde poñer en valor as diferentes iniciativas de emprendemento, innovación, internacionalización e formación entre outras. Por este motivo, poñémonos ao seu dispor, co obxecto de facilitar a divulgación de material videográfico vencellado ao cooperativismo e a economía social.

Hoxe en día, a tecnoloxía móbil permítenos facer vídeos de xeito moi sinxelo en calquera intre das nosas vidas. Youtube é unha plataforma que combina a frescura, a concreción e a orixinalidade do vídeo caseiro coa maior calidade e duración do vídeo profesional, por este motivo queremos animalo a utilizar a nova canle en YouTube para divulgar o traballo da súa organización.

Así mesmo, achegamos unha pequena guía con recomendacións que pode ser de utilidade á hora de realizar vídeos para ser divulgados a través desta canle. Para máis información pode poñerse en contacto co persoal técnico que xestionan as redes sociais a través do enderezo electrónico redessociais@cooperativasdegalicia.com

Saúdos cordiais



Odilo Mariñá Rodríguez
Director xeral de Traballo e Economía Social
Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2014